asalba 25 do febreiro do 1961

Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e ben lembrado: ¡Graciñas!. Eu escribín con pulo e
mo rexoubando con tenrura os feitos do fidalgo de Reboreda - de
cuia casa trata Murguía no "El Foro" - arredor de cinco ou seis fei-
tos a maneira como a néboa compón devaladoiras paisaxes arredor
das pontas espidas do derradeiro albre do pomar amerado. Debíc-
lle ise sentimento por seren as primeiras chamas de velatorio
de difuntiño que recordo as que alumearon o corpo amuchado
do grande estribillante e por ser eu o primeiro representante.
o acorde de despedida da coda epilogal da caste dos señoritos da
aldea ó estilo antigo, fantástica, unha menxa patriarcal e ton-
xe de toda industrialización e libre de contas. Son un pro-
pietario de roinas. Un tio que de pagar contribución debíame
pagar a min o Patrimonio artístico. Pra biografía hai pouco m
señorito. Nas miñas noveliñas ou novelas non podo fuxir
dun defecto costitucional: non sei ser nin puramente fantás-
tico nin cerebro realista e asina saen as cousas como a pui.
memoria da Esp. al Pisanar. O raro é que tendo sido S. Xoan
Manuel tan rondo nono aproveitase ninguen escritor. Valle
Inclán falou dil nunha conferencia no Ateneo hai moitos

anos chamándolle "magnífico hidalgo" e "tío". sin engadir nin-
gunha particularidade. O artigo de "V.G." é moi fermoso, grave
e xentil e agradezolle infindo por a amigosa adicación. O ve-
llo amigo que non para de escribir e anda compondo outras
dous fantasías. Cando baixe a Ourense mandareille unha
cópia de unha das novelas castelans xa vellas que me saen moi
linda fai anos sobre o tempo entre o barroco e o roman-
ticismo.. Hai por D. Xoan Manuel un relato do seu viaxe, pro tó-
pico, e sin grande persoalidade. ¿Como vai ise nobre e
fermoso traballo? É o libro que mais desexo ver na rúa.
E despois dil o de G. Sabell sobre Manuel Antonio. Sau-
dos a dona - b. s. p. - e os fillos.

Sempre o agradecido amigo e admirador

R. Otero Pedrayo

1167-1